

GRUPO OURIOL palabra, música, imaxe *espectáculos*

DE AMOR E MORTE *Espectáculo poético-musical arredor da poesía galega desde a lírica medieval á actualidade*

Amor e morte son dúas palabras tan poderosas como inexplicables, pois non en balde a historia da humanidade está íntima e inexorablemente relacionada con eses dous sucesos que comprometen ao ser humano na súa integridade física e espiritual.

De certo, non hai vida sen morte e as innúmeras formas de amor garanten a supervivencia. De igual maneira, non hai arte que non sexa un intento de superar o acabamento e tamén de conquistar a felicidade ou alomenos de conxurar a dor e o desencanto.

Amor e morte son así recorrentes *leit motif* da historia da poesía universal na que se insire a poesía galega.

Dende a sobranceira lírica medieval e logo dese longo soterramento das raíces que afloran co Rexurdimento, o idioma galego irase renovando como unha alta e profunda árbore poética de esplendorosos froitos; que nutren e identifican a nosa cultura, se cadra como non o fixo ningunha outra manifestación estética. Sen dúbida, existe na historia da poesía galega unha excelente nómina de poetas recoñecidos universalmente. Semella de xustiza abrir respectuosamente ese libro común que fala das nosas emocións, dos nosos sentimentos e, mesmo, do noso pensamento. Abrir as súas páxinas e demorarse

nunha lectura en voz alta que faga real esa máxima ou principio segundo o que a poesía non é só expresión dunha experiencia humana senón a sempre anovada realización desa experiencia que, por outra parte, atinxe a todas e a todos os que a comparten.

Os autores seleccionados conforman unha excelente nómina que abrangue o período que vai dende o medievo até a poesía máis contemporánea: **Fernando Esquío, Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Uxío Novoneyra, Cunqueiro, Pimentel, Xohana Torres, Neira Vilas, Manuel María, Luz Pozo, Ferrín, Díaz Castro, Celso Emilio, Avilés de Taramancos, Pilar Pallarés, Ana Romani, Miro Villar, Fernández Naval,...**

O **Grupo Ouriol** síntese comprometido coa comunicación dese valioso patrimonio poético e faino a través do enriquecedor diálogo que establecen música e palabra. Por iso ofrece o espectáculo “DE AMOR E MORTE”, con poemas de autores que van dende a cantiga medieval ata os nosos días e con música realizada *ex profeso* para cada poema e para o conxunto do recital.

ELAS FALAN (E UNHA CARTA) espectáculo poético-musical

A miúdo esquecese que a muller foi e aínda segue a ser en tantas circunstancias a grande esquecida da historia, a vítima dos outros e aínda de si mesma. Grazas a determinados movementos liberadores, sobre todo feministas, e a mulleres concretas que baixo presións de moi diversa índole foron quen de saír do anonimato e facer valer a súa voz, a risco certo de perdérenas, hoxe en día moitas outras gozamos da oportunidade real de podermos defender os nosos dereitos como seres humanos en igualdade de condicións aos homes. Mais, se neste senso se andou un importantísimo camiño, non é menos certo que a muller segue a sufrir a violencia nas súas múltiples manifestacións, e non só en rexións do mundo onde están a ser sistematicamente degradadas, senón naquelas rexións do mundo máis desenvolvidas.

Obviamente, ELAS FALAN non quere ser de ningún modo un evento feminista, senón un espectáculo poético musical no que o fundamental é o seu valor estético. Mais, que os textos escollidos pertencen a 9 mulleres poetas, manifesta nun principio xa o noso interese por comunicar artisticamente ese ámbito do feminino; pois, a fin de contas, a poesía é unha forma de coñecemento. E tamén como escribiu a nosa Luísa Villalta no seu poema Ritos de Resistencia, e á respecto da poesía:

“Isto é poesía. Un ruído provocado. [...] Un tambor que desperta. [...] Isto é tamén unha muller que resiste.

Non obstante, hai que explicar que “o feminino” nas obras destas poetas é algo implícito e de ningún xeito un posicionamento de xénero. Porén, os seus poemas – estarrecedores, lúcidos, valentes, fermosísimos- revélanos algo que, alén das circunstancias históricas e biográficas nas que se producen, atinxen aos homes e, especialmente, ás mulleres de toda época e condición.

E isto acontece porque as poetas que se inclúen nesta escolla, que abrangue un período que vai dende finais do XIX ao XXI, forman parte todas elas desa nómina recoñecida, por crítica e lectores, como cimeira da poesía universal.

Na devandita selección quixemos, asemade, contar con poetas procedentes de diversas linguas –ademais da nosa propia- traducidas ao galego por persoas de recoñecido prestixio neste eido. A tradución parécenos un diálogo lingüístico necesario entre culturas que redonda sempre en beneficio da vitalidade dos diferentes idiomas.

Por outra parte, as nosas poetas, tan diferentes entre si, teñen en común unha experiencia vital intensa -a miúdo dramática- e, esencialmente, un compromiso radical co quefacer poético.

Elas son:

_Anna Ajmátova (Rusia, 1889-1966) Tradución ao galego de Penélope Pedreira e Pilar Pallarés.

_Marina Tsveitáieva (Rusia,1892-1941) Trad. de Pilar Pallarés.

_Sylvia Plath (Boston, 1932-Londres, 1963) Trad. de Xoán Abeleira

_Alejandra Pizarnik (Bos Aires, 1936-1972) Trad. de Dores Tembrás

_Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004)

_Nadia Tuéni (Líbano1935- francia 1983)

_Isla Correyero (Cáceres 1957). Trad. de Pilar Pallarés.

_Pilar Pallarés (Culleredo -A Coruña, 1957).

_Luz pozo Garza (Ribadeo, 1922)

_Clarice Lispector (Ucrania 1920- Río de Xaneiro, 1077)

_Wisława Szymborska (Polonia, 1923) Trad. de Pilar Pallarés.

O GRUPO OURIOL realiza os seus espectáculos dende un punto de partida: o máis importante é comunicar a palabra poética, sempre enlazada nas suxestivas sonoridades que, asemade, se producen no contacto instantáneo con ela. Neste sentido, son fundamentais tanto a concentración-constelación sonora como o silencio. E coherentemente con este propósito, a posta en escena é minimalista. Quere dicirse que non debe haber nin obxectos nin movementos que non sexan estrictamente necesarios, de xeito que as distraccións sexan mínimas.

Xa que logo, sobre o escenario están os dous músicos Bernardo Martínez e Fito Ares cos seus instrumentos, e a recitadora Eva Veiga. Porén ha ser esencial dende o punto de vista visual e significativo o tratamento da iluminación. E de igual maneira, a retroproxección de imaxes moi abstractas e realizadas polo recoñecido artista **Alfonso Costa** para o recital, aportan un engadido plástico e expresivo ao espectáculo.

O recital de **ELAS FALAN** complétase, a nivel textual, con ese **(E unha carta)**. En efecto, trátase da nosa particular achega poética que funcionaría a modo de presentación de cada unha das poetas: sería un breve parágrafo alusivo á vida e obra delas que se escoitaría na sala en off (pois estaría previamente gravado).antes dos poemas propios de cada unha, mais totalmente integrado no devir do concerto. O sentido deste off é, pois, facer de sutil separación entre unha e outra poeta, ademais de certa información que dese modo a sitúa.

A duración do recital é, máis ou menos, de 70 minutos.

SOÑOS E POEMAS *De Cirlot*

Unha escolla poética e narrativa da obra deste orixinalísimo autor, **Juan Eduardo Cirlot**, traducida ao galego pola profesora e crítica literaria **Teresa Seara**.

...,para chegar a un xardín no que os desexos irrealizables teñan unha fonte ou unha árbore máxica que canta,... Juan-Eduardo Cirlot

O RAMALLO DE PRATA, *Espectáculo poético musical con poemas de Uxío Novoneyra*

O espectáculo concíbese a partires dunha escolla significativa de poemas de todos os libros de Novoneyra, textos nos que se inspira a interpretación musical orixinal.